

O 14 de marzo de 2025 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) escrito remitido pola Vicesecretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en diante, a consellería) no que se solicita o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) da devandita consellería.

A dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

- Memoria xustificativa.
- Memoria económica.
- Cadro de equivalencias.
- Cadro de amortizacións.
- Cadro de creacións.
- Cadro de modificacións.

Tamén se remiten á DXSAP por correo electrónico os seguintes documentos:

- Primeiro acordo de traspaso de persoal entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático: postos de estrutura.
- Segundo acordo de traspaso de persoal entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático: postos de RPT e programas temporais.
- Acordo de traspaso entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas relativo aos medios persoais, económicos e materiais.
- Acordo entre a antiga Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UXT para a formación dunha Unidade Móbil Especializada da escala de axentes forestais e medioambientais (UICON).

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, e con base nas competencias que lle confire o artigo 14 apartado 2.F.a) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

Dirección Xeral de Simplificación
Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

1. Nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia inclúe a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático como un dos seus departamentos. O artigo 2 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, dispón que a estrutura da consellería se compón dos seguintes órganos de dirección:

- Secretaría Xeral Técnica.
- Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Deste xeito, a nova estrutura orgánica desta consellería introduce, entre os seus cambios máis significativos, a transformación da anterior Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pasando as competencias de vivenda, urbanismo e planificación de infraestruturas e ordenación do territorio á nova Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. Así mesmo, quedan adscritos a esa consellería, entre outros organismos, o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, antes dependentes da antiga Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Pola súa banda, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático reforza as competencias de medio ambiente nas áreas de ordenación do litoral, a protección da augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables. Ademais, asume as competencias de definición, proposta e execución da política de augas a través da entidade pública empresarial Augas de Galicia, anteriormente adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e conserva o Instituto de Estudos do Territorio.

Estes cambios estruturais introducidos na presente lexislatura motivaron o traspaso de medios personais, económicos e materiais entre as consellerías afectadas, que se substanciaron mediante os seguintes acordos:





2. Primeiro acordo de traspaso de persoal entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático: postos de estrutura

Na disposición adicional novena do Decreto 49/2024, do 22 de abril, establécense as competencias en materia de enerxía, que se reparten entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Ata entón, estas competencias foran asumidas pola extinta Consellería de Economía, Industria e Innovación.

O 28 de maio de 2024, logo da reunión entre os representantes de ambas as consellerías, coa mediación da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, asínase o primeiro acordo de traspaso dos postos de estrutura, que pasan da Consellería de Economía e Industria á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. O traspaso prodúcese debido a que esta última consellería asume as competencias e funcións de tramitación e outorgamento das autorizacións das instalacións de enerxía eólica terrestre, enerxía solar fotovoltaica e enerxía hidroeléctrica, de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e das súas instalacións de conexión en materia de enerxía.

Os postos estruturais traspasados son as seguintes 3 xefaturas de servizo:

-Na Secretaría Xeral Técnica:

A Xefatura do Servizo Técnico-Xurídico (dependente da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa)

-Na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, dependentes da Subdirección Xeral de Enerxía:

A Xefatura do Servizo de Infraestruturas Enerxéticas e

A Xefatura do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética,

3. Segundo acordo de traspaso de persoal entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático: postos de RPT e programas temporais

O 20 de xuño de 2024, logo de reunións entre os representantes de ambas as consellerías, coa mediación da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, asínase o segundo acordo de traspaso dos postos, que pasan da Consellería de Economía e Industria á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Neste acordo, decídese o traspaso dos seguintes 20 postos de RPT:

-Na Secretaría Xeral Técnica:

1 xefatura de grupo.





- 1 posto base subgrupo C1.
- Na Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa:
 - 1 Xefatura de Sección Xurídica IV.
- Na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais:
 - 1 enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas.
 - 2 enxeñeiros/aa de funcións facultativas.
- Na Subdirección Xeral de Enerxía:
 - 2 enxeñeiros/as técnicos/as de funcións facultativas.
 - 3 enxeñeiros/as de funcións facultativas.
 - 1 xefatura de negociado.
- Na Xefatura Territorial da Coruña:
 - 1 enxeñeiro/a de funcións facultativas.
 - 1 xefatura de sección II.
 - 1 xefatura de negociado II.
- Na Xefatura Territorial de Lugo:
 - 1 enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas.
 - 1 xefatura de negociado II.
- Na Xefatura Territorial de Ourense:
 - 1 enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas.
- Na Xefatura Territorial de Pontevedra:
 - 1 enxeñeiro/a de funcións facultativas.
 - 1 xefatura de negociado VII.

Tamén se decide o traspaso da xestión dos programas de execución temporal “Plan específico de impulso de Enerxías Renovables na Comunidade Autónoma de Galicia” e “Programa de aceleración de parques eólicos asociados á industria galega”, vinculados á tramitación de autorizacións de instalacións renovables, como consecuencia da asunción por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático das competencias e as funcións de tramitación e outorgamento das autorizacións das instalacións de enerxía eólica terrestre, enerxía solar fotovoltaica e enerxía hidroeléctrica, de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e das súas instalacións de conexión en materia de enerxía.

O 28 de novembro de 2024 asínase unha addenda ao segundo acordo de traspaso, que inclúe os créditos orzamentarios do capítulo I a transferir da totalidade de postos contemplados nos dous acordos anteriores, xunto coa modificación da data de efectos económicos prevista inicialmente debido ao tempo transcorrido.

4. Acordo de traspaso entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas relativo aos medios persoais, económicos e materiais

Como consecuencia da nova reorganización estrutural da Xunta de Galicia, queda adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a entidade pública



empresarial Augas de Galicia procedente da extinta Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A nova Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas asume os seguintes órganos, procedentes da extinta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda:

- A Dirección Xeral de Urbanismo.
- O organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a través da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.
- O ente público de natureza consorcial Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, a través da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.

O día 27 de febreiro de 2025 asínase o acordo de redistribución dos servizos comúns de ambas as consellerías, tanto no que atinxe aos medios de persoal, como aos recursos económicos, ao patrimonio e ao parque móbil adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Tamén se acordan as actuacións administrativas a seguir en relación cos expedientes administrativos que se atopan en tramitación ou execución no ámbito da colaboración horizontal e na contratación.

Non obstante o anterior, os termos deste acordo non se inclúen na proposta de modificación da RPT da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático obxecto deste informe, á espera de que sexan recollidos nunha futura modificación da RPT correspondente a esta consellería e mais á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

5. Acordo entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UXT para a formación dunha Unidade Móbil Especializada da escala de axentes forestais e medioambientais (UICON)

Este acordo, asinado o día 22 de decembro de 2023 e aínda sen executar, ten por obxecto formar unha unidade móbil para a investigación, coordinación e, se fose o caso, a intervención inmediata nos casos de infraccións reguladas na normativa da conservación do patrimonio natural, a detección do uso ilegal de venenos, actuacións infractoras nos eidos da caza e pesca continental, así como a investigación noutras materias de competencia da conservación do patrimonio natural, nomeadamente o control das especies exóticas invasoras, o tráfico ilegal de especies e actuacións que puidesen ser constitutivas de delitos ambientais.

A Unidade Móbil Especializada para a Conservación do Patrimonio Natural (UICON) estará formada, de inicio, polos seguintes oito postos da escala de axentes forestais e medioambientais, que serán ocupados mediante comisións de servizo voluntarias mentres non se provexan de forma definitiva:

- 1 axente coordinador/a xefe/a, con dependencia directa da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e funcións de superior xerárquico da unidade.





- 1 axente coordinador/a adxunto/a con funcións de supervisión e control xeral da actividade ordinaria e extraordinaria dos efectivos da unidade.
- Seis axentes UNICON.

Tamén se acorda que o posto de axente coordinador/a xefe teña o nivel 25, que o posto de axente coordinador adxunto teña o nivel 22 e que ambos os postos sexan provistos a través do sistema de concurso específico. Os postos de axentes UICON terán o nivel 20 e o seu sistema de provisión será o concurso.

6. *Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*

Esta lei permite aos promotores de parques eólicos realizar novas tramitacións de parques eólicos e infraestruturas de evacuación para a súa adaptación ao establecido na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, e repotenciación, en determinados casos, dos parques eólicos de máis de vinte e cinco anos.

SEGUNDO. Obxecto da proposta

A finalidade desta proposta de modificación da RPT da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático consiste en crear, suprimir e modificar determinados postos de traballo para que a RPT recolla a situación actual da consellería, ademais de incluír os cambios estruturais recollidos no Decreto 137/2024, do 20 de maio, e mais no Decreto 192/2024, do 9 de setembro.

Creación de postos

Proponse crear un total de 55 postos coa seguinte desagregación:

- Crear 2 postos na Secretaría Xeral Técnica.
- Dotar de 34 novos postos de traballo á nova Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, 19 nos servizos centrais e 15 nos servizos territoriais.
- Reforzar a Dirección Xeral de Patrimonio Natural con 10 novos postos, 3 nos servizos centrais e 7 nos servizos territoriais.
- Crear a Unidade Móbil Especializada (UICON) para a Conservación do Patrimonio Natural, dependente da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, con 8 novos postos.
- Crear 1 posto novo nos servizos centrais da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.





Amortización de postos

Proponse amortizar 33 postos que se desagregan do seguinte xeito:

- 5 postos como consecuencia da entrada en vigor do Decreto 137/2014, do 20 de maio.
- 28 postos, para crear outros novos e para axudar a financiar o complemento de singularidade en determinados postos.

Modificación de postos

As circunstancias que motivan esta proposta de modificación de RPT xeraron gran número de cambios, entre os que se destacan os seguintes pola súa relevancia:

- Incorporar á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático os 20 postos traspasados no acordo do 20 de xuño de 2024, completado coa addenda do 28 de novembro mencionados nos antecedentes.
- Modificar o perfil de 6 postos, sen custo económico, para adaptalos ás necesidades do servizo.
- Modificar 18 postos de traballo, sen custo económico, para adaptalos á estrutura da consellería.
- Modificar o nivel de 25 postos de traballo do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.
- Establecer un complemento específico diferencial nos 25 postos do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas que pasan a noite nas illas.

TERCEIRO. Creación de postos

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

SERVIZOS CENTRAIS

Creación de 2 postos derivadas do Decreto 137/2024, do 20 de maio

- 1 **Xefatura de Servizo de Coordinación e Tramitación**, posto de libre designación, con funcións de asesoramento e dependencia directa dun alto cargo.
- 1 **Asesor/a Xurídico/a de Enerxías Renovables**, novo posto derivado da asunción de competencias en materia de enerxías renovables. Esta asesoría, con nivel orgánico de subdirección xeral, dependerá funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.



CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C02.00.000.15770.060	Xefatura de Servizo de Coordinación e Tramitación	C1/C2-18	Xeral	LD ¹	AXG ²
MA.C02.00.009.15770.001	Asesoría xurídica de enerxías renovables	A1-30	XLS ³	LD	AXG

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO

SERVIZOS CENTRAIS

Creación de 1 posto derivada do Decreto 49/2024, do 22 de abril

Proponse crear 1 posto de **secretario/a de director/a xeral** na Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, do Estado e das comunidades autónomas.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA		FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C03.00.000.15770.002	Secretario/a director/a xeral	C1/C2-18	Xeral		LD ⁴	A11 ⁵

Creación de 6 postos derivadas do Decreto 137/2024, do 20 de maio


-1 Xefatura de Servizo Xurídico Administrativo, con dependencia directa da persoa titular da dirección xeral e con titulaicón académica licenciatura ou grao en dereito, polas funcións propias do posto. Este posto procede doutro do mesmo nivel dependente da anterior Consellería de Economía e Industria.

-1 Subdirección Xeral de Enerxías Renovables, procedente da anterior Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

-1 Xefatura de Servizo de Enerxías Renovables, dependente da Subdirección Xeral de Enerxías Renovables, con funcións idénticas ás que se requirían para acceder ao posto suprimido Xefatura de Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética por realizar as mesmas funcións na Consellería de Economía e Industria da que procede.

-1 Xefatura de Servizo de Infraestruturas Renovables, dependente da Subdirección Xeral de Enerxías Renovables, con funcións idénticas ás que se

¹ Libre designación por asesoramento e dependencia directa dun alto cargo.
 ² Administración exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia.
 ³ Xeral, escala de letrados.
 ⁴ Libre designación por dependencia directa de alto cargo.
 ⁵ Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas.



requirían para acceder ao posto suprimido Xefatura de Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética por realizar as mesmas funcións na Consellería de Economía e Industria da que procede.

-1 Xefatura de Servizo de Loita conta o Cambio Climático, novo posto dependente da Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral.

-1 Xefatura de Servizo de Xestión do Litoral, dependente da Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral, creado por supresión da Xefatura do Servizo de Autorización e Informes Sectoriais da anterior Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C03.00.000.15770.040	Servizo Xurídico-Administrativo	A1/A2-28	Xeral	CE ⁶	AXG
MA.C03.00.001.15770.001	Subdirección Xeral de Enerxías Renovables	A1-30	Xeral/Especial	LD	AXG
MA.C03.00.001.15770.050	Servizo de Enerxías Renovables	A1/A2-28	ESE3/EME2 ⁷	CE	AXG
MA.C03.00.001.15770.070	Servizo de Infraestruturas Renovables	A1/A2-28	ESE3/EME2	CE	AXG
MA.C03.00.002.15770.030	Servizo de Loita contra o Cambio Climático	A1-28	ESC1/ESC2 ⁸	CE	AXG
MA.C03.00.002.15770.050	Servizo de Xestión do Litoral	A1/A2-28	ESA/EMA ⁹	CE	AXG

Proposta de creación doutros 12 postos de traballo

-1 xefatura de Área de Xestión Económica, nivel 26, con dependencia directa do/da director/a xeral, aínda que a forma de provisión é por concurso.

-1 xefatura de Sección de Coordinación, adscripción indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas, con dependencia directa do director xeral e cuxa forma de provisión é a libre designación.

-1 xefatura de negociado de Xestión Económica.

-1 Xefatura de Sección Xurídica, dependente do Servizo Xurídico-Administrativo.

-1 posto de enxeñeiro/a técnico/a funcións facultativas, nivel 22, dependente da Subdirección Xeral de Enerxías Renovables.

⁶ Concurso específico.

⁷ Especial, escala enxeñeiros, especialidade enxenería industrial; e escala enxeñeiros técnicos, especialidade enxenería técnica industrial.

⁸ Especial, escala ciencias, especialidade bioloxía; e especialidade química.

⁹ Especial, especialidade arquitectos; e especialidade arquitectos técnicos.



-1 Xefatura de Sección Técnica, dependente da Subdirección Xeral de Enerxías Renovables.

-1 posto de enxeñeiro/a técnico/a funcións facultativas, nivel 22, dependente da Subdirección Xeral de Enerxías Renovables.

-1 Xefatura de Negociado, dependente da Subdirección Xeral de Enerxías Renovables.

-1 Xefatura de Sección Técnica, dependente da Subdirección Xeral de Enerxías Renovables.

-2 xefaturas de negociado, dependentes da Subdirección Xeral de Enerxías Renovables.

-1 xefatura de Sección de Plans e Proxectos, dependente da Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO ESCALA /	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C03.00.000.15770.060	Xefatura da Área de Xestión Económica	A1-A2/26	XERAL	C	AXG
MA.C03.00.000.15770.035	Xefatura de Sección de Coordinación	A1-A2-C1/25	XERAL	LD	A11 ¹⁰
MA.C03.00.000.15770.061	Xefatura de Negociado de Xestión Económica	A2-C1-C2/18	XERAL	C	AXG
MA.C03.00.000.15770.042	Xefatura de Sección Xurídica	A1-A2/25	XERAL	C	AXG
MA.C03.00.001.15770.003	Enxeñeiro/a técnico/a funcións facultativas	A2/22	EME7 ¹¹	C	AXG
MA.C03.00.001.15770.051	Xefatura de Sección Técnica	A1-A2/25	ESE3/EME2 ¹²	C	AXG
MA.C03.00.001.15770.058	Enxeñeiro/a técnico/a funcións facultativas	A2/22	EME2 ¹³	C	AXG
MA.C03.00.001.15770.065	Xefatura de negociado	A2-C1-C2/18	XERAL	C	AXG
MA.C03.00.001.15770.071	Xefatura de sección técnica	A1-A2/25	ESE3/EME2	C	AXG
MA.C03.00.001.15770.080	Xefatura de negociado	A2-C1-C2/18	XERAL	C	AXG
MA.C03.00.001.15770.081	Xefatura de negociado	A2-C1-C2/18	XERAL	C	AXG
MA.C03.00.002.15770.033	Xefatura de Sección de Plans e Proxectos	A1/25	ESE5/ESE8 ¹⁴	C	AXG

¹⁰ Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas.

¹¹ Especial, escala enxeñeiros técnicos, especialidade topografía.

¹² Especial, escala enxeñeiros, especialidade enxeñería industrial; e escal enxeñeiros técnicos, especialidade enxenería técnica industrial.

¹³ Especial, escala enxeñeiros técnicos, especialidade enxeñería técnica industrial.

¹⁴ Especial, escala enxeñeiros, especialidade enxeñería de montes; e especialidade enxenería química.



SERVIZOS TERRITORIAIS

Creación de 7 postos derivada do Decreto 192/2024, do 9 de decembro

-4 Xefaturas de Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas nas direccións territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

-3 Xefaturas de Servizo do Litoral nas direccións territoriais da Coruña, Lugo e Pontevedra, abertas a todas as administracións públicas.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C99.10.001.15001.020	Xefatura de Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (A Coruña)	A1-28B	ESE3/ESE4 ¹⁵	CE	AXG
MA.C99.10.001.27001.020	Xefatura de Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (Lugo)	A1-28B	ESE3/ESE4	CE	AXG
MA.C99.10.001.32001.020	Xefatura de Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (Ourense)	A1-28B	ESE3/ESE4	CE	AXG
MA.C99.10.001.36001.020	Xefatura de Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (Pontevedra)	A1-28B	ESE3/ESE4	CE	AXG
MA.C99.10.002.15001.030	Xefatura de Servizo do Litoral (A Coruña)	A1-28B	ESA/ESE1 ¹⁶	CE	A12 ¹⁷
MA.C99.10.002.27001.030	Xefatura de Servizo do Litoral (Lugo)	A1-28B	ESA/ESE1	CE	A12
MA.C99.10.002.36001.030	Xefatura de Servizo do Litoral (Pontevedra)	A1-28B	ESA/ESE1	CE	A12

Proposta de creación doutros 8 postos de traballo

-3 xefaturas de sección técnicas dependentes dos Servizos de Enerxías Renovables e Infraestruturas das direccións territoriais de Lugo, Ourense e Pontevedra.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
---------------	--------------	------------------	----------------	-----------------	---------------------------

¹⁵ Especial, escala enxeñeiros, especialidade enxeñería industrial; e especialidade enxeñeiros de minas.

¹⁶ Especial, escala arquitectos; e escala enxeñeiros, especialidade enxeñeiros de camiños, canais e portos.

¹⁷ Adscripción indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado, comunidades autónomas e Administración local.





MA.C99.10.001.27001.022	Xefatura de Sección Técnica (Lugo)	A1-A2/25	EME2/ESE3 ¹⁸	C ¹⁹	AXG
MA.C99.10.001.32001.022	Xefatura de Sección Técnica (Ourense)	A1-A2/25	EME2/ESE3	C	AXG
MA.C99.10.001.36001.022	Xefatura de Sección Técnica (Pontevedra)	A1-A2/25	EME2/ESE3	C	AXG

-1 xefatura de negociado no Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas da dirección territorial de Ourense.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C99.10.001.32001.030	Xefatura negociado	C/18	XERAL	C	AXG

-4 enxeñeiros/as técnicos/as de funcións facultativas, nivel 22, nas direccións territoriais da consellería na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C99.10.001.15001.025	Enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas (A Coruña)	A2/22	EME2 ²⁰	C	AXG
MA.C99.10.001.27001.025	Enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas (Lugo)	A2/22	EME2	C	AXG
MA.C99.10.001.32001.025	Enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas (Ourense)	A2/22	EME2	C	AXG
MA.C99.10.001.36001.025	Enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas (Pontevedra)	A2/22	EME2	C	AXG

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE

SERVIZOS CENTRAIS

Proposta de creación de 1 posto de traballo

-1 Xefatura de Área Técnica, nivel 26, dentro da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental.

¹⁸ Especial, escala enxeñeiros técnicos, especialidade enxeñería técnica industrial; e escala enxeñeiros, especialidade enxeñería industrial.

¹⁹ Concurso.

²⁰ Especial, escala enxeñeiros técnicos, especialidade enxeñería técnica industrial.





CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C04.00.001.15770.016	Xefatura de Área Técnica	A1-26	ESC1/ESE5 ²¹	C	AXG

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL

SERVIZOS CENTRAIS

Proposta de creación de 3 postos de traballo

-1 Xefatura de Área Técnica, nivel 26, dentro da Subdirección Xeral de Espazos Naturais.

-1 Xefatura da Sección de Reservas da Biosfera, dependente da Subdirección Xeral de Espazos Naturais.

-1 Xefatura da Área de Protección e Benestar de Animais de Compañía, nivel 26, dependente da Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C06.00.001.15770.028	Xefatura de Área Técnica	A1-26	ESC1/ESE5	C	AXG
MA.C06.00.001.15770.005	Xefatura da Sección de Reservas da Biosfera	A1-25	ESC1/ESE5	C	AXG
MA.C06.00.002.15770.003	Xefatura da Área de Protección e Benestar de Animais de Compañía	A1-26	ESV ²²	C	AXG

SERVIZOS TERRITORIAIS

Proposta de creación de 2 postos de traballo

-2 Xefaturas de Sección C, nivel 22, dependentes dos Servizos de Patrimonio Natural dos Departamentos Territoriais de Lugo e Pontevedra.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C99.10.005.27001.008	Xefatura de sección C (Lugo)	A1/22	ESC1/ESE5 ²³	C	AXG
MA.C99.10.005.36001.003	Xefatura de sección C (Pontevedra)	A1-A2/22	EME3/ESE5	C	AXG

²¹ Especial, escala ciencias, especialidade bioloxía; e escala enxeñeiros, escala enxeñería de montes.

²² Especial, escala veterinarios.

²³ Especial, escala ciencias, especialidade bioloxía; e escala enxeñeiros, especialidade enxeñería de montes.



Proposta de creación de 5 postos de traballo

- 2 peóns forestais, no Centro de Recuperación da Fauna Salvaxe de Santa Cruz.
- 1 peón forestal, na Reserva Nacional dos Ancares.
- 1 peón forestal, no Complexo Ambiental do Rodicio.
- 1 peón forestal na Piscifactoría do Carballiño.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO ESCALA /	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C99.40.301.15570.043	Peón forestal	AP-14	XELR ²⁴	C	AXG
MA.C99.40.301.15570.044	Peón forestal	AP-14	XELR	C	AXG
MA.C99.30.310.27120.023	Peón forestal	AP-14	XELR	C	AXG
MA.C99.40.301.32370.039	Peón forestal	AP-14	XELR	C	AXG
MA.C99.40.301.32190.035	Peón forestal	AP-14	XELR	C	AXG

*Proposta de creación de 8 postos de traballo na nova
Unidade Móbil Especializada para a Conservación do Patrimonio Natural (UICON)*

- 1 axente coordinador/a xefe/a da UICON, nivel 25, concurso específico.
- 1 axente coordinador/a adxunto/a da UICON, nivel 22, concurso específico.
- 6 axentes da UICON, nivel 20, concurso.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO ESCALA /	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
MA.C06.00.000.15770.100	Axente coordinador/a xefe/a da UICON	C1-25	EAFM ²⁵	CE	AXG
MA.C06.00.000.15770.110	Axente coordinador/a adxunto/a da UICON	C1-22	EAFM	CE	AXG
MA.C06.00.000.15770.120	Axente da UICON	C1-20	EAFM	C	AXG
MA.C06.00.000.15770.121	Axente da UICON	C1-20	EAFM	C	AXG
MA.C06.00.000.15770.122	Axente da UICON	C1-20	EAFM	C	AXG
MA.C06.00.000.15770.123	Axente da UICON	C1-20	EAFM	C	AXG
MA.C06.00.000.15770.124	Axente da UICON	C1-20	EAFM	C	AXG
MA.C06.00.000.15770.125	Axente da UICON	C1-20	EAFM	C	AXG

²⁴ Xeral, escala persoal limpeza e cocina e rec. nat. – esp. rec. nat.

²⁵ Especial, escala axentes facultativos medioambientais.





CUARTO. Amortización de postos

As amortizacións propostas afectan a 33 postos, 5 postos de estrutura e 28 postos de RPT.

1. Amortízanse os seguintes 5 postos de estrutura pola entrada en vigor do Decreto 137/2024, do 20 de maio:

-O posto de Subdirector/a xeral de Coordinación Ambiental.

-A Xefatura de Servizo de Autorizacións e Informes Sectoriais, na Subdirección Xeral de Espazos Naturais.

-As Xefatura de Servizo Técnico-Xurídico, Xefatura de Servizo de Infraestruturas Enerxéticas e Xefatura do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética procedentes da Consellería de Economía e Industria.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL
MAC030000115770001	Subdirector/a xeral de Coordinación Ambiental	A1-30
EIC020000215770040	Xefatura do Servizo Técnico-Xurídico	A1/A2-28
EIC040000115770025	Xefatura do Servizo de Infraestruturas Enerxéticas	A1/A2-28
EIC040000115770035	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética	A1/A2-28
MAC050000115770020	Xefatura do Servizo de Autorizacións e Informes Sectoriais	A1/A2-28

2. Tamén se propón amortizar os seguintes 3 postos para financiar, en parte, as creacións recollidas no Decreto 137/2024, do 20 de maio:

-1 posto base subgrupo A1, vacante, na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

-1 titulado/a superior especialista, vacante, no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.

-1 posto de condutor/a mecánico/a, non vacante, no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia. Este posto substitúe o posto de mozo/a de laboratorio inicialmente proposto para amortizar.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL
MAC030000015770009	Posto base subgrupo A1	A1-20
MAC030040115001111	Titulado/a superior especialista	I-19
MAC030040115001135	Posto de condutor/a mecánico/a	C1-20





3. Ademais, propónse amortizar os seguintes 25 postos vacantes para crear entre outros postos os 8 postos da UICON, así como para incluír o complemento de singularidade de posto en determinados postos do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas:

-13 postos de **vixiante de recursos naturais** nos distritos I, II, VI, VII, VIII, XII (3 postos), XVI (2 postos), XIX, na Reserva Nacional dos Ancares e no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

-1 posto de **delineante**, vacante, no Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra.

-9 postos de **peón forestal** no distrito XIX (2 postos), no Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo (2 postos), na Área de Recuperación Terra Chá-A Mariña, no Parque Patural Baixa Limia-Serra do Xurés (2 postos), no Parque Natural do Invernadeiro e no Parque Natural Monte Aloia.

-1 posto de **capataz de establecemento** no complexo ambiental do Veral (Lugo).

-1 posto de **limpador/a**, vacante, na Xefatura Territorial de Pontevedra.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL
MAC993001515350030	Vixiante de recursos naturais (distrito I)	C2-15
MAC993002515090030	Vixiante de recursos naturais (distrito II)	C2-15
MAC993006727290031	Vixiante de recursos naturais (distrito VI)	C2-15
MAC993007627060030	Vixiante de recursos naturais (distrito VII)	C2-15
MAC993008727160031	Vixiante de recursos naturais (distrito VIII)	C2-15
MAC993012532430030	Vixiante de recursos naturais (distrito XII)	C2-15
MAC993012532430031	Vixiante de recursos naturais (distrito XII)	C2-15
MAC993012532430033	Vixiante de recursos naturais (distrito XII)	C2-15
MAC993016536170033	Vixiante de recursos naturais (distrito XVI)	C2-15
MAC993016536170037	Vixiante de recursos naturais (distrito XVI)	C2-15
MAC993019936440032	Vixiante de recursos naturais (distrito XIX)	C2-15
MAC993031027120016	Vixiante de recursos naturais (Os Ancares)	C2-15
MAC993031032420041	Vixiante de recursos naturais (Baixa Limia)	C2-15
MAC991000236001011	Delineante (Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra)	C1-18
MAC993019036001005	Peón forestal (distrito XIX)	AP-14
MAC993019036001006	Peón forestal (distrito XIX)	AP-14
MAC993031015720039	Peón forestal (Corrubedo)	AP-14
MAC993031015720040	Peón forestal (Corrubedo)	AP-14
MAC993031027600030	Peón forestal (A Mariña)	AP-14
MAC993031032420054	Peón forestal (Baixa Limia)	AP-14
MAC993031032420058	Peón forestal (Baixa Limia)	AP-14



MAC993031032910042	Peón forestal (O Invernadoiro)	AP-14
MAC993031036540034	Peón forestal (Budiño)	AP-14
MAC994030127001013	Capataz de establecemento (O Veral)	C1-21
MAC991000036001159	Limpador/a (Xefatura Territorial de Pontevedra)	AP-10

QUINTO. Modificación de postos

1. En primeiro lugar, propónse incorporar á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático 20 postos de traballo traspasados segundo o Acordo de traspaso de postos entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático do 20 de xuño de 2024, completado coa addenda do 28 de novembro.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	UNIDADE
MA.C03.00.000.15770.030	Xefatura de negociado	Director/a xeral de Enerxías Renovables
MA.C03.00.000.15770.041	Xefatura sección xurídica	Director/a xeral de Enerxías Renovables
MA.C03.00.000.15770.045	Posto base C1	Director/a xeral de Enerxías Renovables
MA.C03.00.000.15770.046	Xefatura grupo	Director/a xeral de Enerxías Renovables
MA.C03.00.001.15770.055	Enxeñeiro/a de funcións facultativas	S. X. de Enerxías Renovables
MA.C03.00.001.15770.056	Enxeñeiro/a de funcións facultativas	S. X. de Enerxías Renovables
MA.C03.00.001.15770.057	Enxeñeiro/a de funcións facultativas	S. X. de Enerxías Renovables
MA.C03.00.001.15770.060	Enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas	S. X. de Enerxías Renovables
MA.C03.00.001.15770.061	Enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas	S. X. de Enerxías Renovables
MA.C03.00.001.15770.062	Enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas	S. X. de Enerxías Renovables
MA.C03.00.001.15770.075	Enxeñeiro/a de funcións facultativas	S. X. de Enerxías Renovables
MA.C03.00.001.15770.076	Enxeñeiro/a de funcións facultativas	S. X. de Enerxías Renovables
MA.C99.10.001.15001.021	Enxeñeiro/a de funcións facultativas	Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (A Coruña)
MA.C99.10.001.15001.030	Xefatura de sección	Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (A Coruña)
MA.C99.10.001.15001.040	Xefatura de negociado	Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (A Coruña)
MA.C99.10.001.27001.026	Enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas	Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (Lugo)
MA.C99.10.001.27001.040	Xefatura de negociado	Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (Lugo)
MA.C99.10.001.32001.026	Enxeñeiro/a técnico/a de funcións facultativas	Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (Ourense)
MA.C99.10.001.36001.021	Enxeñeiro/a de funcións facultativas	Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (Pontevedra)



MA.C99.10.001.36001.040	Xefatura de negociado	Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas (Pontevedra)
-------------------------	-----------------------	---

2. En segundo lugar, propóñense modificacións sen custo económico para adaptar o perfil de 6 postos ás necesidades do servizo.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	MODIFICACIÓNS PROPOSTAS
MA.C04.00.001.15770.007	Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas	Escalas: enxeñería superior e enxeñería técnica. Especialidades: todas.
MA.C04.00.001.15770.015	Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos	Escalas: ciencias e enxeñería superior. Especialidades: todas.
MA.C04.00.001.15770.020	Servizo de Prevención e Control Integrado da Contaminación	Escalas: ciencias e enxeñería superior. Especialidades: todas.
MA.C04.00.000.15770.006	Posto base subgrupo A1	Escalas: ciencias e enxeñería superior. Especialidades: todas.
MA.C04.00.002.15770.010	Xefatura de Servizo de Residuos	Corpo: superior facultativo. Escalas: ciencias e enxeñería superior. Especialidades: todas.
MA.C99.10.004.15001.013	Xefatura de Sección de Xestión Ambiental IV (A Coruña)	Escalas: engádese a de enxeñería. Especialidades: engádese a de enxeñería industrial.

3. En terceiro lugar, propóñense modificacións de 18 postos de traballo sen custo para adaptalos á estrutura da consellería.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	MODIFICACIÓNS PROPOSTA
MA.C02.00.009.15770.001	Asesor/a xurídico/a de Medio Ambiente	Modifícase o nome do posto, pois antes era asesor/a xurídico/a de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
MA.C02.00.009.15770.003	Secretario/a asesor/a xurídico/a	Modifícase a unidade administrativa da que depende: Asesoría Xurídica de Medio Ambiente.
MA.C03.00.002.15770.001	Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral	Modifícase o nome e o centro directivo de dependencia: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
MA.C03.00.000.15770.003	Posto base subgrupo A1	Modifícase o nome e o centro directivo de dependencia: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
MA.C03.00.000.15770.004	Posto base subgrupo A1	Modifícase o nome e o centro directivo de dependencia: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
MA.C03.00.000.15770.008	Posto base subgrupo A1	Modifícase o nome e o centro directivo de dependencia: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
MA.C03.00.000.15770.010	Posto base subgrupo A1	Modifícase o nome e o centro directivo de dependencia: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
MA.C03.00.000.15770.020	Posto base subgrupo A1	Modifícase o nome e o centro directivo de dependencia: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
MA.C03.00.001.15770.002	Secretario/a do/da subdirector/a xeral	Modifícase o órgano de dependencia: Subdirección Xeral de Enerxías Renovables e o centro directivo:



		Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
MA.C03.00.002.15770.002	Secretario/a do/da subdirector/a xeral	Modifícase o órgano de dependencia: Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral e o centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
MA.C03.00.002.15770.031	Xefatura Sección Observación e Predición Atmosfera e Océano	Modifícase o órgano de dependencia: Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral e o centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
MA.C03.00.002.15770.032	Xefatura Sección Cambio Climático	Modifícase o órgano de dependencia: Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral e o centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
-	Postos do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia	Modifícase o centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
-	Postos da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade en SSCC ²⁶	Modifícanse os códigos destes postos e o centro directivo: Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade
-	Postos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental en SSCC	Modifícanse os códigos destes postos e o centro directivo: Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
-	Postos da Subdirección Xeral de Resíduos e Economía Circular en SSCC	Modifícanse os códigos destes postos e o centro directivo: Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
MA.C04.00.002.15770.002	Subdirección Xeral de Resíduos e Economía Circular	Modifícase o nome: antes Subdirección Xeral de Resíduos.
-	Postos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en SSCC	Modifícanse os códigos de todos os postos.
-	Postos dos servizos de Calidade e Avaliación Ambiental (direccións territoriais)	Modifícanse os códigos dos postos.
-	Postos dos Servizos de Patrimonio Natural (direccións territoriais)	Modifícanse os códigos dos postos.

4. En cuarto lugar, propónse modificar o nivel de 25 postos de traballo do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. A proposta consiste en subir os niveis destes postos para igualalos aos doutros postos similares con destino na península. No caso concreto dos patróns de embarcación, a suba de nivel vén determinada polas condicións de traballo destes postos.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	NIVEL DESTINO	NIVEL ESPECÍFICO
MA.C06.00.003.36560.055	Mecánico naval	20	20
MA.C06.00.003.36560.056	Mecánico naval	20	20
MA.C06.00.003.36560.060	Patrón de embarcación	20	20

²⁶ Servizos centrais.





MA.C06.00.003.36560.061	Patrón de embarcación	20	20
MA.C06.00.003.36560.065	Capataz	20	20
MA.C06.00.003.36560.066	Capataz	20	20
MA.C06.00.003.36560.070	Guía intérprete de patrimonio natural	18	18
MA.C06.00.003.36560.071	Guía intérprete de patrimonio natural	18	18
MA.C06.00.003.36560.072	Guía intérprete de patrimonio natural	18	18
MA.C06.00.003.36560.073	Guía intérprete de patrimonio natural	18	18
MA.C06.00.003.36560.074	Guía intérprete de patrimonio natural	18	18
MA.C06.00.003.36560.075	Guía intérprete de patrimonio natural	18	18
MA.C06.00.003.36560.080	Vixilante mariñeiro/a	18	18
MA.C06.00.003.36560.081	Vixilante mariñeiro/a	18	18
MA.C06.00.003.36560.090	Oficial	18	18
MA.C06.00.003.36560.091	Oficial	18	18
MA.C06.00.003.36560.092	Oficial	18	18
MA.C06.00.003.36560.093	Oficial	18	18
MA.C06.00.003.36560.094	Oficial	18	18
MA.C06.00.003.36560.095	Oficial	18	18
MA.C06.00.003.36560.100	Garda de recursos naturais	15	16
MA.C06.00.003.36560.101	Garda de recursos naturais	15	16
MA.C06.00.003.36560.102	Garda de recursos naturais	15	16
MA.C06.00.003.36560.103	Garda de recursos naturais	15	16
MA.C06.00.003.36560.104	Garda de recursos naturais	15	16

5. En quinto lugar, propónse establecer un complemento específico diferencial nos 25 postos do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia que pasan a noite nas illas, así como adscribir os postos por arquipélagos. A estes postos, que pasan a ser de “horario especial do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas”, incorpóraselles un complemento específico diferencial de 2000 € anuais co obxecto de retribuír as condicións especiais de traballo insular, o que require pasar a noite nas illas en quendas de sete días.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	ARQUIPÉLAGO
MA.C06.00.003.36560.024	Axente ambiental coordinador/a	Cíes
MA.C06.00.003.36560.025	Axente ambiental coordinador/a	Ons
MA.C06.00.003.36560.027	Axente ambiental	Sálvora
MA.C06.00.003.36560.028	Axente ambiental	Cíes
MA.C06.00.003.36560.030	Axente	Cíes
MA.C06.00.003.36560.031	Axente	Cíes
MA.C06.00.003.36560.032	Axente	Cíes





MA.C06.00.003.36560.033	Axente	Ons
MA.C06.00.003.36560.034	Axente	Sálvora
MA.C06.00.003.36560.035	Axente	Cortegada
MA.C06.00.003.36560.036	Axente	Ons
MA.C06.00.003.36560.037	Axente	Cortegada
MA.C06.00.003.36560.065	Capataz	Cíes
MA.C06.00.003.36560.066	Capataz	Ons
MA.C06.00.003.36560.090	Oficial	Ons
MA.C06.00.003.36560.091	Oficial	Ons
MA.C06.00.003.36560.092	Oficial	Cíes
MA.C06.00.003.36560.093	Oficial	Cortegada
MA.C06.00.003.36560.094	Oficial	Cíes
MA.C06.00.003.36560.095	Oficial	Cortegada
MA.C06.00.003.36560.100	Garda de recursos naturais	Ons
MA.C06.00.003.36560.101	Garda de recursos naturais	Sálvora
MA.C06.00.003.36560.102	Garda de recursos naturais	Ons
MA.C06.00.003.36560.103	Garda de recursos naturais	Cíes
MA.C06.00.003.36560.104	Garda de recursos naturais	Cíes

SEXTO. Observacións

1. Observacións ás creacións

a) Na mesma dirección xeral, propónse, por parte da consellería, crear unha Xefatura da Área de Xestión Económica, pertencente ao corpo xeral e co nivel 26, con dependencia directa do/da director/a xeral. Esta dirección xeral considera que en lugar de crear unha xefatura de área procede crear unha Xefatura de Sección de Xestión Económica, de forma similar á existentes noutras consellerías.

b) Na mesma dirección xeral, propónse a creación dunha Xefatura de Sección de Coordinación, con dependencia directa do/da director/a xeral, aberta a tres administracións públicas (Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas) e como forma de provisión a libre designación.

Esta dirección xeral sinala que procede que se modifiquen as características deste posto nun destes dous xeitos:

- Conservar a libre designación como forma de provisión, en cuxo caso cómpre limitar o acceso unicamente a persoal Xunta de Galicia;
- Abrir o acceso a persoal de tres administracións públicas, en cuxo caso se debe cambiar a forma de provisión pasando de libre designación a concurso.



c) Nos Servizos de Patrimonio Natural de Lugo e Pontevedra, dependentes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, propónse crear dúas Xefaturas de Sección C de nivel 22. En canto a esta proposta esta dirección xeral sinala que non procede crear seccións de nivel 22. O nivel correspondente ás xefaturas de sección de nova creación debe ser o nivel 25

2. Observación ás amortizacións

Dado que se propón amortizar 28 postos de RPT, a maioría deles vacantes, enténdese que se pescinde deles porque non son necesarios nos centros de destino da consellería, nin sequera aqueles postos con funcións básicas de vixilancia, limpeza e mantemento.

3. Observacións ás modificacións: medidas de homologación retributiva

A Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa disposición adicional décimo quinta establece a equiparación económica dos postos de traballo de nivel 30 de complemento de destino da escala de letrados e letradas da Xunta de Galicia, dependentes funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral, coa dos postos de letrada e letrado de nivel 30 de complemento de destino previstos na relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia.

Así mesmo, establece que os complementos específicos dos postos de traballo da escala de letradas e letrados da Xunta de Galicia de nivel 28 experimentarán unha adecuación retributiva que garanta que as retribucións totais experimentarán unha variación igual en termos porcentuais á experimentada nas retribucións totais dos postos de nivel 30 da escala de letrados e letradas da Xunta de Galicia.

SÉTIMO. Custos

Segundo consta na memoria económica, unha vez computado o importe das amortizacións e o custo das creacións de postos, as modificacións de nivel e de complemento específico diferencial e o crédito procedente do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, declárase un sobranse de 9.968,52 €.

Non obstante o anterior, en relación coa memoria económica pronunciárase a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.



OITAVO. Sentido do informe

Á vista de todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio **informa favorablemente** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

VICESECRETARÍA XERAL

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE A CAMBIO CLIMÁTICO

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

